

EL PROGRESO

ESCOLA
dEPrensa



CAMBIO METODOLÓXICO

O novo modelo metodolóxico nos introduce en distintos proxectos educativos >13-14

Os alumnos de 1ºESO celebraron o Día da Paz na rúa xunto cos demais centros católicos da cidade


Educando na sensibilización ecológica. Os colexios da FEREGA de Lugo celebraron o Día da Paz nas distintas rúas da cidade dando a coñecer aos viandantes o contido da Encíclica Papal "Laudato Si" >3



Grupo de 1ºESO do colexio Marista La Inmaculada na mesa asignada na rúa. ARQUIVO 1ºESO

200 e +... vive o soño!

Celebración do bicentenario do Instituto Marista >12



Cartel do bicentenario Marista. ARQUIVO COLEXIO

ENTREVISTA
ENTREVISTA AOS MEDALLISTAS DE SPECIAL OLYMPICS >11

CULTURA
MARICA CAMPO NOS AXUDA A LER >16

CONCIENCIA MARISTA
VISITA AOS MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES MC2 >18

DEPORTES
OS NOSOS CAMPIÓNS >23-25-26


OPINIÓN
A ROLDAA 30 KM/H >17

ANUARIO
CRÓNICA DA XORNADA DE ACOLLIDA >2

TEMPO LIBRE
MARCHA. MARCELINO CHAMPAGNAT TAMÉN VIVE CON NÓS >27

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico.

LEYMA natura



"A festa da lingua"

A Terra Chá no punto de mira >6-7



O grupo coas carautas de Carlos Casares. ARQUIVO 1ºESO

maristas

XORNADA DE ACOLLIDA AO AIRE LIBRE

Os espazos limpos dos parques de Paradai e do Sagrado Corazón de Lugo acolléronos con todo o seu esplendor para convivir como compañeiros nesta nova etapa que comezamos: Educación Secundaria

POR: FERNANDO PÉREZ TRIGO, LUCÍA VÁZQUEZ RIAL, ANA CASTIÑEIRA BLANCO, CLAUDIA LÓPEZ SEIJAS

Como cada ano ao inicio do curso pudemos compartir unha xornada de acollida cos nosos compañeiros e profesores. Comezamos a convivencia nas nosas clases, como sempre cun pequeno amencer. No noso colexió temos todos os días, á primeira hora da mañá, un espazo de tempo de dez minutos para darlle a benvida a cada día, único e irrepetible.

E tras este momento comezou a nosa andaina cara ao río Rato e ao parque de Paradai con xogos, cancións e conversa. Cando chegamos, fixemos unha actividade que nos serviu para coñecer máis aos nosos compañeiros. Rodeados de plantas tamén reflexionamos sobre cales eran as raíces da nosa vida, todo aquilo sen o que non poderíamos vivir: cariño, amizade,... Gustounos poñer por escrito as nossas sensacións e emocións.

OBSERVANDO A NATUREZA TAMÉN ESTIVEMOS UN TEMPO EN SILENCIO, CADA QUEN ATOPANDO O SEU ESPAZO MÁIS CÓMODO E SIGNIFICATIVO.

Máis tarde, e tras uns disputados partidos de fútbol e baloncesto, fixemos unha parada para merendar e descansar. E logo volta ao colexió.

Foi unha experiencia moi agradable, xa que pudemos convivir en grupo coñecéndonos, compartindo, divertíndonos e pasando un rato na natureza todos xuntos.

COMPARTIMOS LAMBONADAS E MOITAS RISAS.



Grupo mirando a paisaxe. ARQUIVO 1ºESO



En marcha camiñando para o parque. ARQUIVO 1ºESO



Alumnas xogando no parque Sagrado Corazón. ARQUIVO 1ºESO



Situándonos na actividade. ARQUIVO 1ºESO



Reflectimos os nosos pensamentos e sentimentos. ARQUIVO 1ºESO



Grupo colexial na mesa asignada na rúa. ARQUIVO 1ºESO

DÍA DA PAZ INTERCOLEXIAL: A ENCÍCLICA PAPAL LAUDATO SI NA RÚA

Os colexios da FEREGA de Lugo celebraron o Día da Paz nas distintas rúas da cidade dando a coñecer aos viandantes o contido de dita encíclica

POR PATRICIA PÉREZ
 NARTALLO, PAULA
 MARTÍNEZ FERNÁNDEZ

O pasado venres 10 de febreiro os alumnos de 1º da ESO celebramos a xornada da Paz Intercolexial. Neste día saímos á rúa e fixemos unha xuntanza cos demais colexios católicos de Lugo. En total, unhas 350 persoas.

Para comezar, o Bispo de Lugo recibiunos nun acto conxunto na praza de Santa María. A continuación, o noso colexio tiña unha mesa asignada na praza do Campo Castelo para informar á xente sobre a encíclica do Papa Francisco “Laudato Si: unha ecoloxía pola paz”.

TEMOS A OBRIGA DE COIDAR A NOSA CASA COMÚN CON TODOS OS SERES QUE A HABITAN

Nós traballamos nas horas de tutoría con esta encíclica preparando o material informativo: un díptico, deseñamos unhas enquisas que



Mª Teresa Treviño entrevistada polos alumnos do colexio. ARQUIVO 1ºESO



Grupo reunido na Praza de Santa María. ARQUIVO 1ºESO

lle fixemos a varias persoas pola rúa do Progreso, repartimos adhesivos e mesmo ata levabamos unha chapa coa que ademais lembramos que o noso colexio celebra este ano o seu bicentenario. A idea era facer chegar á xente o compromiso da Igrexa co medio ambiente.

O PLANETA TERRA, A NOSA CASA COMÚN, PRECÉDENOS E FOINOS DADA

Foi unha experiencia única, interesante e moi divertida.

POR: FERNANDO PÉREZ TRIGO, MARÍA DÍAZ VILLAMOR



Diferentes momentos da nosa actuación. ARQUIVO 1ºESO

O NADAL. UNHA FESTA QUE UNE OS BOS SENTIMENTOS

Entre Sorrisos e Bágoas fixemos brotar os sentimientos bos e xenerosos



Diferentes momentos da nosa actuación. ARQUIVO 1ºESO



Diferentes momentos da nosa actuación. ARQUIVO 1ºESO



Diferentes momentos da nosa actuación. ARQUIVO 1ºESO



Diferentes momentos da nosa actuación. ARQUIVO 1ºESO

Os alumnos de 1º do colexio Maristas Lugo representaron no auditorio Gustavo Freire un fragmento do musical “Sorrisos e Bágoas” para celebrar o comezo do Nadal. Escollemos esta obra porque nos pareceu apropiada para estas datas navideñas xa que resalta valores de harmonía, sinxeleza e creatividade.

SAÍUNOS TODO BEN. OS aplausos foron calorosos. Valeu a pena o esforzo dos ensaios.

A profesora de teatro Marga Portomeñe axudou aos nosos compañeiros a levar a cabo esta representación. Sen ela, todo isto quedaría nun pequeno desastre. E, tras un longo mes de duros ensaios e numerosas probas de vestiario, achegábase a hora de representala...

AO FINAL DÉRONLLE AS GRAZAS Á XEFA DE ESTUDOS, NURIA E AGASALLÁRONA CUN RAMO DE FLORES.

Martes 21 de decembro. Nenos e nenas de 1º marcharon camiño do auditorio, ilusionados, nerviosos e impacientes por amosarlle ao numeroso público o resultado de tantas horas de intenso traballo. Despois dunhas cantas representacións dos nosos compañeiros de Secundaria, chegou a nosa quenda. A hora da verdade!

SEN DÚBIDA FOI UN GRAN DÍA QUE LEMBRAREMOS SEMPRE.

Por fin, comezou a obra. Notouse o esforzo dedicado e por iso saíu bastante ben. A pesar dalgúns erros e despistes, cousa típica dos nervios, o noso musical foi moi aplaudido polo público. Nestas datas familiarmente entrañables en que todos celebramos o nacemento de Xesús, no colexio Marista con máis fincapé por ter a Boa Nai como mestra preferente nas nosas vidas.

Estamos moi orgullosos do noso traballo. Somos un equipo! Bravo compañeiros!

CHEGOU TAMÉN O ENTROIDO AO NOSO CENTRO

Os alumnos do colexio vestíronse ao seu gusto para disfrutar dunha xornada festiva

POR ANA CASTIÑERA BLANCO, CLAUDIA LÓPEZ SEIJAS, LUCÍA VÁZQUEZ RIAL

O pasado mes de febreiro celebramos no colexio Marista unha festa moi importante en Galicia, o Entroido.

Despois do recreo remataron as clases e comezou todo. Nenos nunha clase e nenas noutra, cambiamos a nosa personalidade, é dicir, disfraczámonos! Había superheroínas, nenos disfrazados de mulleres, animais, xogadores de rugby, hippies, bañistas chegados da praia e ata un circo completo.

Baixamos ao patio e saímos á rúa para amosarles aos transeúntes as nosas vestimentas. Foi moi divertido.

OS NOSOS COMPAÑEIROS DE 1ºESO DEIXARON ABRAIADO AO XURADO COS SEUS DISFRACES

Cando chegamos de volta ao colexio dirixímonos ao ximnasio e alí ensinámoslles os disfraces aos nosos compañeiros doutros cursos e desfilamos diante dun esixente xurado. A medalla de ouro na categoría de comparsas foi para os alumnos de 3º da ESO vestidos como parellas de Disney. O primeiro premio na sección de parellas foi para dous alumnos de 1ºA, Ignacio e Javi, que ían disfrazados de animadoras. Na categoría individual o gañador foi Néstor, tamén de 1ºA, que vestía como Jeff the Killer e realizou unha impresionante voltereta no aire que deixou abraiado ao xurado.

TODOS OS ALUMNOS DISFRAZADOS SAÍRON Á RÚA LUCINDO OS SEUS TRAXES

Máis trade fixemos unha pausa para comer os doces e snacks que nós mesmos trouxemos.



Alumnos con distintos disfraces durante o desfile-concurso. ARQUIVO COLEXIO



Alumnos con distintos disfraces durante o desfile-concurso. ARQUIVO COLEXIO

As boliñas de chocolate que prepara a nosa compañeira María están realmente deliciosas! Mmmmm... Logo os alumnos de 4º da ESO fixéronos unha demostración dos bailes que aprenderon nas súas clases de Educación Física e xa para rematar subimos ás clases onde nos cambiamos e marchamos para seguir celebrando esta festa cos nosos familiares e amigos.

PASAMOS UN TEMPO FANTÁSTICO COS NOSOS COMPAÑEIROS E PROFESORES

Na nosa opinión esta celebración foi moi divertida e pasamos un tempo fantástico cos nosos compañeiros e profesores.



Lendo no parque Rosalía de Castro. ARQUIVO COLEXIO



Comentando cos nenos e nenas de infantil. ARQUIVO COLEXIO



Comentando cos nenos e nenas de infantil. ARQUIVO COLEXIO

Día do libro. Lectura na rúa

Gracias a Don Miguel de Cervantes podemos ser lectores de 200 libros e más

POR: PAULA VILANOVA JUL,
CANDELA CASTRO IRIMIA,
MARTÍN ZAPATA PÁJARO,
DIEGO FERNÁNDEZ VILA,
DAVID SANTIAGO CEIDE

O luns día 24 de Abril, celebramos o día do libro, aínda que realmente foi o domingo día 23.

O PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO RESULTOU UN MARCO PERFECTO PARA ESTA ACTIVIDADE

Esta celebración consistiu en ir ao parque de Rosalía de Castro todo o curso de 1º da ESO. Alí fixemos un comentario sobre o libro previamente elixido por cada un de nós. A finalidade desta actividade era incitar aos viandantes a ler.

COMENTAMOS O NOSO LIBRO COS COMPAÑEIROS

Segundo chegamos, dividímonos en grupos de catro ou cinco persoas e repartímonos por distintas partes do Parque. Respectando a quenda de palabra cada un foi dicindo a súa opinión sobre os seus libros lidos.

Ao rematar esta parte, fomos facer fotografías colectivas e vídeos.


FALAMOS CON NENOS DE 4º DE INFANTIL SOBRE OS SEUS CONTOS PREFERIDOS

Finalizada esta sesión dirixímonos ao Colexio, concretamente ás clases dos máis pequenos para conversar sobre os seus contos favoritos.

FIXEMOS UN VÍDEO TODOS XUNTOS NO QUE DEBÍAMOS IMITAR A UNHA ESTATUA LENDO

Para rematar este día estivemos falando todos xuntos no patio sobre esta experiencia.

OS PROTAGONISTAS SON OS LIBROS



Imaxe de Carlos Casares. FONTE: HTTPS://WWW.CULTURA.GAL

CELEBRACIÓN DA FESTA DA LINGUA 2017

O 4 de maio, os alumnos de 1º da ESO acudiremos á celebración da Festa da Lingua.

Este ano, Escolas Católicas de Galicia organiza un acto en Lugo, que terá lugar na Biblioteca Nodal de Lugo.

O evento conta coa representación teatral de “A verdadeira historia de Manuel de Paderna”, a cargo da compañía Lucecús Teatro.

Outras actividades son: a proxección do vídeo do “Rap da Lingua”, a lectura dun “Manifesto” e a despedida do acto con carautas de Carlos Casares, autor ao que este ano se lle dedica O Día das Letras Galegas.



O grupo coas carautas de Carlos Casares. ARQUIVO COLEXIO

Festa da Lingua 2017 en Lugo

Levouse a cabo o xoves 4 de maio na Biblioteca Nodal

POR CARLA VILAR MUÍÑA

Carlos Casares, autor ao que se lle dedica o día das letras Galegas 2017 é “O sementador de Palabras”.

“Que lección de humildade esta da palabra de Deus que se fai galega para nós falar aos galegos! Xa vedes: un idioma humilde, un idioma abafado, e Deus fala por el. E é que para Deus non hai artificios. Para Deus non hai linguas oficiais. Para Deus hai homes. Homes que falan...”

Con estas verbas de Carlos Casares o escritor das palabras sinxelas da vida cotiá, comezou a Festa da Lingua 2017 co seguinte **programa**:

- Acollida e Benvida.
- Proxección do Rap da Lingua.
- Lectura do manifesto.
- Representación da obra “A verdadeira historia de Manuel de Paderna” da compañía de teatro Lucecús.
- Clausura da xornada.

PASAMOS UNHA XORNADA CHEA DE LEDICIA, POÑENDO TODOS AS CARAUTAS DE CARLOS CASARES.

COMPAÑÍA DE TEATRO LUCECÚS.
Con esta obra de teatro



Un momento da obra de teatro. ARQUIVO COLEXIO

quixeron facer unha homenaxe á figura de Manuel María poeta da Terra Cha, ao que se lle dedicou o día das letras galegas o ano pasado.

A **sinopse** da mesma é a seguinte:

Manuel de Paderna é un home que posúe o enfeitizo poético e o dominio da palabra que fai parar as augas dos ríos, variar a situación dos mares, abrollar as fontes ou curar as persoas. Hai quen di que mesmo os paxaros suspendían os seus voos e ficaban inmóviles no aire para aprenderen o seu

canto e melodía... Manuel de Paderna é algo poeta, tamén traballa de barbeiro e de alguacil municipal. A partir dos textos de Manuel María construíron unha viaxe divertida e curiosa a través de varias historias que lle acontecen a este máxico personaxe.

Proceso creativo da compañía:
Logo dun profundo estudo da obra de Manuel María, decidiron apostar polos textos dedicados ao curioso personaxe Manuel de Paderna. Deste xeito a maior parte das

historias da obra saen dos textos “A tribo ten catro ríos” e “Cando o mar foi polo río” así como dos libros de poemas “As rúas do vento ceibe” e “Os soños na gaiola”, compostos en palabras do autor para achegarlle aos nenos versos que non había na literatura galega e que tan preciosos son.

Unha vez fixado o texto apostaron polo xogo cos actores até crear as personaxes nun proceso divertido que os levou a darlle vida a Manuel de Paderna e outros personaxes como o Don Capitón, Teodora ou o Abade. En definitiva buscaron achegarlle aos espectadores temáticas como a soidade, o amor ou a loita persoal a través dun espectáculo comprometido coa nosa cultura, a nosa lingua e o noso país, aproveitando a mirada de Manuel María.

Pasamos unha xornada chea de ledicia, poñendo todos as carautas de Carlos Casares.

Tamén nos serviu para comprometernos máis, se cabe, coa obriga de manter a nosa lingua VIVA.

Pensando no noso futuro xa dende cativos...

A importancia dos idiomas

POR CLAUDIA LÓPEZ, ANA VALDÉS

Algunhas das alumnas de 1º ESO do colexió Marista dedican o seu tempo de lecer á práctica de idiomas non moi frecuentes no seu redor.

A alumna Ana Valdés leva catro anos estudiando un idioma cada vez máis reclamado no ámbito de traballo europeo, o alemán, e a súa compañeira Claudia López continúa despois de dous anos os estudos dunha lingua tan complexa como importante no século XXI, o chinés.

Estas dúas rapazas interesáronse polos idiomas dende moi pequenas e comenzaron a estudar no mesmo centro de aprendizaxe extraescolar. Non lles resulta complexo compaxinalo cos seus estudos escolares e a práctica físico deportiva aínda que afirman que tampouco é doado levar a cabo o estudo de cinco idiomas. Ademais dos estudos de alemán e chinés ámbalas dúas practican francés, inglés, español e galego.

Elas animan a toda a rapazada a comezar nun idioma antes de que sexa tarde, “Non é tan complexo se afás o oído dende nena”- afirmou Ana, “Resulta moi complicado ao comezo, pero habitúaste rápido”- dixo Claudia.

É certo que a día de hoxe non vemos rapazas de entre 8 e 10 anos que se interesen polos idiomas a cotío polo que lles custou moito encontrar un centro de aprendizaxe extraescolar ao comezo.

Claudia e Ana din Adiós, Chao, Bye bye, Ata logo, Aufwiedersehen e

再见!



Equipo que representa ao colexio no Parlamento Autonómico de Galicia en Santiago de Compostela frente á tribuna de oradores. De esquerda a dereita: Yago Cabrera, María Vázquez, Coral Carballeido, María Pedreira xunto co profesor coordinador Manuel Barreiro. ARQUIVO COLEXIO

Parlamento Xove 2017

Unha oportunidade para expoñer en público un tema dun xeito coerente

POR DANIEL FERNÁNDEZ VILA, MARÍA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Dentro da materia de Oratoria que temos en 1º de ESO, os profesores que nos imparten a mesma, quixeron que tivésemos a experiencia de primeira man, escoitando ao alumnos de 3º e 4º de ESO, que participan no concurso de oratoria “Parlamento Xove”.

ESTA ACTIVIDADE ENCÁDRASE DENTRO DA MATERIA DE ORATORIA DE 1ºESO

Son 4 alumnos que mostraron a súa valía ante un público ao que lle teñen que expoñer oralmente un tema. Este tema ten a forma de debate. Por medio dunha presentación nos foron indicando as súas partes así como a técnica a empregar para explicar moi ben e non poñerse nerviosos.

O que máis nos serviu foi a explicación da súa propia experiencia, dos errores e acertos que tiveron para así ir tomado nota e imitar o que convén. Parabéns polo voso magnífico traballo compañeiros!



Salón de actos do centro onde os nosos compañeiros nos expoñen unha clase de oratoria. ARQUIVO 1ºESO



Recollendo notas da exposición. ARQUIVO 1ºESO

Segundo posto no Parlamento Xove 2017, categoría da ESO

O equipo formado polos alumnos da ESO María Pedreira, Yago Cabrera, Coral Carballeido, María Vázquez, xunto co profesor-coordinador Manuel Barreiro acadaron un meritorio segundo posto na competición de debate Parlamento Xove 2017.

A esta competición presentáronse vinte e catro equipos de distintos colexios de Galicia, dos cales, se clasificaron para a fase final, oito. A fase final tivo lugar os días 21 e 22 de abril no hotel Peregrino de Santiago de Compostela e no Parlamento de Galicia, respectivamente.

Parabéns polo seu traballo e polo posto acadado.

Solidariedade Marista...

Operación Xoguete

REDACCIÓN 1ºESO

No mes de Novembro tamén tivo lugar a campaña solidaria "OPERACIÓN XOGUETE", concretamente o xoves 17 e o venres 18. O curso anterior conseguimos máis de 800 paquetes que foron destinados ao Banco de Alimentos de Lugo e, este curso, tamén necesitamos da túa colaboración.

Os xoguetes deben estar en bo estado e empaquetados. Cómpre que se indique no paquete o tipo de xoguete que contén (puzzle, coche, boneca...) e a idade para a que é adecuado.

O domingo 20 de novembro celebrouse o Día Internacional dos Dereitos do Neno/a, entre os que se encontra o "Dereito a Xogar". Foi un bo momento para exercitar o noso músculo da solidariedade e facer unha análise do consumo que facemos: é responsable?



Mozos recollendo os xoguetes no colexio. ARQUIVO COLEXIO



Alumnos recollendo Kgs de alimentos. ARQUIVO COLEXIO

Black Friday

Consumir o xusto depende de ti

REDACCIÓN 1ºESO

Coñécese como «venres negro» (en inglés Black Friday) ao día que inaugura a tempada de compras de Nadal con significativas rebaixas en moitas tendas e grandes almacéns.

É un día despois do Día de Acción de Grazas en Estados Unidos, é dicir, o día seguinte ao cuarto xoves do mes de novembro. Esta festividade comezou en EEUU, e pouco a pouco e coa axuda das novas tecnoloxías e a promoción deste día por parte das distintas empresas, estendeuse polo resto de países do mundo.

Para moita xente tódolos venres do ano son "negros", e os sábados, e mesmo os domingos, e tódolos días da semana. Porque en moitos lugares do mundo hai xente traballando sen que se cumpran os seus dereitos laborais relacionados cunha xornada adecuada, un salario mínimo, unha seguridade...

Nós podemos facer moito como consumidores que somos. Debemos estar informados de que é o que mercamos e de onde procede. Ademais debemos facer un consumo responsable e necesario. Lembra que "CONSUMIR O XUSTO DEPENDE DE TI".



Nuestra forma de consumir afecta a las personas más vulnerables

CONSUMIR LO JUSTO DEPENDE DE TI

Cartel lema SED "Black Friday". ARQUIVO COLEXIO

1212 Kg de solidariedade

REDACCIÓN 1ºESO

Un ano máis, a comunidade educativa do Colexio Maristas A Inmaculada de Lugo tratou de fuxir un pouco dos consumismos e darlle un significado máis profundo ao Nadal, planificando durante o mes de decembro diferentes actividades orientadas a axudar aos que máis o necesitan.

No que respecta á campaña de "Operación Quilo", foron 1212 kg os que os nosos compañeiros de 2º da ESO recollerón polas aulas de todo o centro durante os primeiros días do mes de Decembro.

Logo, organizaron en caixas os diferentes alimentos para entregar ás distintas entidades coas que colabora o colexio.

Moitas grazas a todos pola vosa colaboración!

LUZ DO SUR

REDACCIÓN 1ºESO

Con esta luz podemos iluminar a nosa cea de Nadal, que nos lembra a chamada do Sur, e ao mesmo tempo a luz que nos trae Xesús co seu nacemento.

Como en anos anteriores, persoas con discapacidade do centro Ocupacional de San Vicente de Paúl deseñaron e elaboraron velas especialmente para nós.



Velas Luz do Sur. ARQUIVO COLEXIO



Cartel conmemorativo dos 25 anos de SED. ARQUIVO COLEXIO

A ONG MARISTA SED CUMPRE 25 ANOS “SED DE MÁS, MÁS DE SED”

En 2017 a ONG Marista SED (Solidariedade, Educación e Desenvolvimento) cumple 25 años. Un cuarto de século comprometéndose por un mundo más xusto. 25 años de ilusión, de traballo e solidariedade. Os tres eixes que vertebran o seu traballo son: Cooperación ao Desenvolvimento, Educación para o Desenvolvimento e a formación e promoción do Voluntariado.

POR MANUEL LOSADA,
IGNACIO GONZÁLEZ

O proxecto máis importante neste ano da ONG SED é “HORIZONTES AO FUTURO”. Trátase dun programa de rehabilitación e reinserción de rapaces en risco social.

“HORIZONTES AO FUTURO” é un centro de acollida de nenos da rúa no barrio de Tenguaje, en Comayagua, Honduras. Alí dáselles a oportunidade de formarse academicamente e desenvolverse, garantindo as súas necesidades básicas a través de medios e recursos humanos, materiais e económicos.

Dentro do programa

Rehabilitación e reinserción de rapaces en risco social atopamos diferentes proxectos que son os que fan posible a consecución dos obxectivos marcados. Os proxectos son os seguintes:

- Apoyo ao desenvolvemento e a formación integral de menores.

- Integración familiar e reinserción social dos menores do centro fogar “Horizontes ao Futuro”.
- Proxecto de formación de rapaces de barrios marxinais de Comayagua (obradoiros formativos).

Este proxecto beneficia directamente a 82 rapaces e ás súas familias. Mozos de entre 6 e 19 anos, en situación de risco ou, incluso, nenos da rúa

que non teñen apoio ou reforzo educativo nas súas casas e que están expostos aos perigos da rúa. Indirectamente tamén se benefician cerca de 5000 habitantes, principalmente os cidadáns de Comayagua e o conxunto da sociedade hondureña en xeral.

IRMÁN GOYO. Horizontes ao Futuro está dirixido con sabia man polo Irmán Goyo, un marista que emprega todas as horas do día e máis en sacar adiante non só o fogar de nenos senón axudar a moitas das súas familias coa construcción dunha casa, mellorar a súas condicións de vida,... É a loita diaria para sacar a estes rapaces da rúa.

Diario dun día en HORIZONTES AO FUTURO

Polas mañás:

- Clases na escola de Comayagua ou nos obradoiros de Formación Profesional.
- Lavado do uniforme e aseo do centro.
- Almorzo.



Nenos do proxecto reunidos. ARQUIVO COLEXIO



Nenos do proxecto reunidos. ARQUIVO COLEXIO

Polas tardes:

- Apoyo escolar.
- Pasar o ferro ao uniforme.
- Xogos.
- Voluntariado, informática e catequese un día por semana.
- Preparar a cea e o comedor.
- Ver a TV, xogos.
- Ducha e á cama.



Nenos do proxecto traballando en informática. ARQUIVO COLEXIO



O Irmán Goyo xunto cos nenos en Comayagua. ARQUIVO COLEXIO

GORETTI REIGOSA E ABEL NUÑEZ MEDALLISTAS NOS ÚLTIMOS XOGOS DE INVERNO SPECIAL OLYMPICS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL EN AUSTRIA E MÓNICA SEIJAS ADESTRADORA DE ESQUÍ ALPINO DE ESPAÑA

«O deporte ten unha grande importancia nas persoas con discapacidade intelectual»

Special Olympics é unha organización a nivel internacional que fomenta o deporte das persoas con discapacidade intelectual

POR CLAUDIA LÓPEZ SEIJAS

-En que xogos participastes?

MÓNICA- Participamos en Canadá, en Alaska, en Idaho, en Xapón, en Corea e por último en Austria.

-Quen os organiza?

MÓNICA- Special Olympics.

-Que é Special Olympics?

MÓNICA- Special Olympics é unha organización a nivel internacional que fomenta o deporte das persoas con discapacidade intelectual.

-Cando e porque naceu?

MÓNICA- Naceu en 1968 nos Estados Unidos creada pola familia Kennedy xa que eles tiñan unha persoa con síndrome de down no seno familiar e viron a importancia que o deporte ten nas persoas con discapacidade intelectual e que non estaban recoñecidas ao mesmo nivel que as persoas con discapacidade física.

-É a primeira vez que participades nuns xogos con Special Olympics?

ABEL- Eu fun dúas veces. Unha

**ABEL GAÑOU
 DÚAS MEDALLAS
 DE OURO E
 GORETTI UNHA DE
 OURO E OUTRA DE
 BRONCE**

a Xapón e esta última a Austria.

GORETTI- Eu fun cinco veces. A Austria, a Corea, a Xapón, a Idaho e a Alaska.

-Que deporte practicades?

ABEL- Eu practiquei raquetas pola neve.

GORETTI- Eu practiquei esquí alpino.

-Cantas medallas gañastes?

ABEL- Gañei dúas medallas de ouro.

GORETTI- Gañei dúas medallas unha de ouro e outra de bronce.

-Que foi o que más vos gustou?

ABEL- A min gusto me competir, estar coa nosa adestradora, todo Austria excepto a comida, uns cabalos que fomos ver e montar nun tren antigo.

GORETTI- A min gusto me toda Austria, a comida e a viaxe.



Equipo nacional que participa nos xogos Special Olympics. CLAUDIA LÓPEZ



Equipo nacional que participa nos xogos Special Olympics. CLAUDIA LÓPEZ

SOMOS IGUAIS, SOMOS DIFERENTES

A experiencia vivida no Centro Ocupacional San Vicente de Paúl axudounos a cambiar os nosos centros de interese



Un momento da nosa visita ao centro. ARQUIVO 1ºESO

POR XOAN ARNÁIZ, SANTIAGO LÓPEZ

O que pode ser un lema, viuse cumprido e experimentado na realidade.

Os alumnos de 1º da ESO tivemos unha oportunidade, a través da tutoría, de visitar o Centro Ocupacional de San Vicente de Paúl.

Alí, coordinados por Sor Alicia, participamos no traballo realizado nos distintos obradoiros de papel, velas, xabón e actividades relacionadas coa psicoloxía cognitiva.

Os rapaces do centro ensináronnos e guiaron o noso traballo. Foron uns titores estupendos, producíndose un intercambio de sentimentos e pensamentos moi enriquecedor. Decatámonos de que a diferenza que resalta é simple apariencia. Todos somos iguais porque nos une o mesmo sentir: o amor respectuoso que se manifesta no encontro.

Moitas grazas a estes rapaces, ao psicólogo, ás monitoras e a Sor Alicia pola súa amable acollida, ofrecéndonos a oportunidade de vivir esta experiencia.



Debuxo San Marcelino Champagnat. BARCA LLOVO GUILLÁN

200 e +... vive o soño!

Celebración do bicentenario do Instituto Marista

REDACCIÓN / LUGO

O día 2 de xaneiro o Instituto Marista celebrou o bicentenario da súa fundación. Este acontecemento histórico véñeno preparando os maristas de Champagnat dende fai tres anos facendo camiño cara a un Novo Comezo.

A celebración do bicentenario é no 2017. O Consello Xeral decidiu que este acontecemento se celebrease en tres datas distintas:

-O día 2 de xaneiro, data que nos vincula co noso pasado, celebrouse en diferentes partes do mundo marista, para resaltar a internacionalidade do Instituto: en Nairobi, en Luján (Arxentina), en Roma... O irmán Emili Turú estivo presente en Bangladesh, onde asistiu á inauguración dunha escola para os fillos dos traballadores das plantacións de té. Ese día, un vídeo mensaxe do Superior Xeral conectou con todos os

maristas.

-O día 6 de xuño celebrarase en Roma, para resaltar a nosa presenza na comunidade eclesial. Ese día presentaranse os 3 volumes da Historia do Instituto e inaugurarase unha exposición fotográfica sobre o hoxe do Instituto.

-O día 8 de setembro, celebrarase en Rionegro, Colombia, con ocasión da apertura do Capítulo Xeral, onde haberá representación de todas as Unidades Administrativas do mundo marista. Será un momento especial de acción de grazas, de petición de perdón e, sobre todo, de compromiso co futuro.

COLEXIO LUGO.

Ademais desta proposta no colexio Marista de Lugo tamén organizamos o pasado 28 de outubro a celebración do noso bicentenario.

A celebración comezou coa canción do lema Marista: 200 e mais... vive o soño!

Posteriormente o director do colexio Amadeo Fernández realizou unha presentación de Marcelino Champagnat moi ben explicada para os máis pequenos.

A continuación, arredor dunha mesa, fixeron unhas ofrendas indicando a fraternidade entre tódolos irmáns. Dun mesmo xeito Marcelino xuntou ao redor da auténtica mesa de "LA VALLA" aos primeiros irmáns deste Instituto.

Todos os nenos agrupáronse no patio do colexio, maiores e pequenos disfrutando como unha gran familia.

Foi unha celebración entrañable na que xuntos demos grazas a Deus a través de San Marcelino Champagnat e María de Nazaret.



Sesión de interioridade

Tranquilos e atentos coma unha rana

REDACCIÓN / LUGO

O luns pola mañá as profesoras titotoras programaron unha actividade de interioridade.


Estivemos na aula de dito nome e ali mediante técnicas de relaxación fomos conscientes da nosa respiración. Estabamos sentados nunhas esteiras como unha rá.

Lentamente fomos entrando no noso interior escouitando o podcast "Tranquilos y atentos como una rana".

Nun escenario no que nos presidía unha planta, símbolo da natureza viva, e unhas velas acesas, símbolo da luz que levamos dentro. Esta luz hai que atopala para que ilumine os pasos da nosa vida de cada día.



Un momento da nosa sesión de interioridade. ARQUIVO 1ºESO



Debuxo festa Bicentenario Marista. CLAUDIA PÉREZ

Campaña de micromecenazgo BIOPSIA LÍQUIDA Axúdanos a axudar!

Galicia na vanguarda da investigación oncolóxica

POR CARLA VILAR, MARÍA DÍAZ, XOAN ARNAIZ, HUGO MONDELO, SANTIAGO LÓPEZ

Os nosos compañeiros de 4º ESO da materia Cultura Científica colaboraron co Hospital Universitario Lucus Augusti no proxecto da biopsia líquida. Recadaron fondos co fin de axudar ó HULA na súa investigación.

Visitaron as clases de 1ºESO para explicarnos que a biopsia líquida é una técnica baseada na análise de material tumoral en distintos fluídos do corpo (sangue, urina, saliva, etc.). Deste xeito, os especialistas analizan marcadores proteicos relacionados cos distintos tipos de cancro, é dicir, específicos de cada tumor.

Pareceunso increíble que cunha sinxela extracción de sangue rutineira, os científicos poidan

analizar a presenza de determinadas moléculas que nos indican a existencia dun tumor concreto no noso organismo.

Comezaron a traballar no mes de marzo, a proposta do seu profesor de Cultura Científica, como un proxecto de colaboración coa sociedade, dentro do tema que estudan “Saúde e enfermidade”.

Contáronnos que lles parecía moi interesante contribuír ao

desenvolvemento dunha técnica médica de vanguarda, da que nos podemos beneficiar todos nós, as nosas familias, amigos ou coñecidos. Calquera persoa poder padecer cancro e é moi positivo que haxa medios para diagnosticar e curar esta enfermidade. Anímanos a todos a participar xa que, como eles nos dixerón, canta máis xente colabore máis medios haberá para combater o cancro.



Unha das huchas que fixeron para recadar. ARQUIVO COLEXIO



Cinseiros feitos con latas de refrescos. Vendidos a 1,20 €.
ARQUIVO COLEXIO



O grupo Oncomet liderado polo Dr. Rafael López López, xefe do Servizo de Oncoloxía Médica do CHUS. FONTE:
[HTTP://COLABORA.ONCOMET.ES](http://COLABORA.ONCOMET.ES)

Unha clase con moita arte

Os alumnos de 1º ESO recibimos na nosa aula aos de 4º ESO que fixeron de artistas explicándonos o seu proxecto da clase de Relixión sobre o a Igrexa na época do Barroco.

**POR SABELA ALONSO,
ÁNGELA BECERRA**

Foi unha clase diferente pola modalidade con que se desenvolveu. Os alumnos estaban divididos en grupos de traballo. Cada un expoña súa parte traballada: situaron a época barroca, nos introduciron no Concilio Ecuménico de Trento e nos sinalaron as súas consecuencias.

Por último nos falaron da arte na época do Barroco quedándose claro que en si mesmo é un movemento artístico. Aquí destacaron a música sacra de J.S.Bach (A Paixón segundo San Mateo) e a de Haëndel coa súa obra O Mesías.

Os alumnos de 4º estaban tensos e notábaselles que

querían esforzarse ao máximo para que os entenderamos ben. Nós, en todo momento estivemos atentos e



participativos ás súas demandas. Usaron moito as TIC coas que se sentían apoiados nas súas

exposições. Comprobamos que dominan moi ben certos programas de presentación como Pwp e Prezzi. Así tamén nos gustaría a nós presentar os traballos de clase.

Nós estivemos acompañados pola nosa profesora de Relixión e eles pola profesora de Bioloxía, a que nesa hora tiña clase con eles.

Estas profesoras interviñan para aclararlles ou puntualizarlle algúns aspectos, ao mesmo tempo que os estaban calificando.

Nós tivemos que facer apuntamentos, xa que na próxima clase a nosa profesora de Relixión nos vai preguntar sobre esta temática para comprobar o que en realidade aprendemos nesta clase especial e diferente.



O grupo de alumnos de 4ºB e 1ºB ESO. ARQUIVO 1ºESO

Contos e lendas...

Un proxecto innovador nas clases de lingua.

Na clase de Lingua Galega, estivemos traballando nos contos e nas lendas , vendo un pouco o que son para logo contar nós aos rapaces más pequenos do colexio.

O conto é unha das manifestacións más abundantes da nosa literatura popular. As lendas son tamén relatos breves , más a diferenza cos contos está en que pretenden pasar por reais.

Exemplo das nosas lendas son os seguintes.

POR ÁNGELA BECERRA SEIJAS

O FERREIRO DE CASTRELOS

Había en Castrelos un ferreiro que deixara pasar a súa xuventude sen fixarse nas mulleres. Xa de vello encaprichouse dunha rapaza moi cobizada entre os mozos da contorna.

O rico ferreiro agasallouna cunha alfaia impresionante, pero ao non lograr convencela , decidiu pechala na súa casa.

A moza , moi relixiosa, pediu ao ferreiro se podía asistir á misa tódolos días. Este ao ver que a igrexa estaba ao carón da súa ferrería aceptou.

Un día unha meiga apareceuelle ao ferreiro, dicíndolle que pronto morrería, e que a súa nova muller atoparía un home da súa condición co que se casaría. O ferreiro invadido polos celos, colleu un ferro ardente coa finalidade de desfacerlle a cara á moza, para que non parecese tan bonita. Esta atopábase dentro da igrexa orando, cando o ferreiro toma a decisión e vai cara aló.

Pero Deus para protexer á muller decidiu tapiar a porta sur do templo cunha parede de pedra que ainda se conserva.



Castrelos, Vigo (Pontevedra).

FONTE:

[HTTP://LENDASGALEGAS.SWRED.COM](http://LENDASGALEGAS.SWRED.COM)



Contándolles al lendas aos nenos e nenas de infantil. ARQUIVO 1ºESO



Contándolles al lendas aos nenos e nenas de infantil. ARQUIVO 1ºESO

POR JAVIER GÓMEZ LENCE

O HOME DO SACO

Cando éramos pequenos o home do saco era un coco para asustar aos nenos. Chamábano así porque sempre ao caer a noite baixaba ollar ás nenas xogar á alameda.

Ata que unha noite desapareceu unha nena, rubia e de pel branca. Entón comezou a correr unha cantiga que era así: "Que pola alameda ven un home cun saco e un camisón". Todas as nais, ao recoller as súas fillas, para que viñeran pronto dicían: "Vide rápido que ven o home do saco".

Isto non se podía decir, que el era o home do saco, porque era un boticario retirado con moito prestixio.

Con isto está a lenda. Ide a modiño!!!



POR ALEJANDRO LÓPEZ REAL,
RAFAEL ARIAS VIÑA

O REPARTO DAS TROITAS

Isto sucedeu haberá uns cincuenta anos na aldea de Vilar de Mato, en Cuntis (Pontevedra). Aló vivían dous curmáns, Heladio e Emilio, que a pesar de que eran moi distintos e de que sempre andaban a rifar, estaban sempre xuntos como se fosen uña e carne. O Heladio era o máis vello dos dous e, aínda que non era ben listo, tiña habilidades innatas para a arte da pesca.

Foi o caso que un día Emilio propúxolle ao seu parente ir botar unhas canadas ao Comeixe, e acordaron repartir a pesca a partes iguais ao final da xornada. Tal como era de esperar Heladio colleu moitas más pezas. Pero un trato é un trato. Para facer o reparto apuntouse axiña Emilio, que fora un par de anos á escola e sabía algo de números.

—Unha pra min, outra pra ti, outra pra min... —contaba o máis novo en voz alta.

—Unha pra min, outra pra ti, outra pra min; unha pra min, outra pra ti, outra pra min; unha pra min, outra pra ti, outra pra min... E así ata repartir coa súa peculiar picardía un total de cincuenta e oito peixes. Ao rematar, mirando Heladio para un e outro monte de troitas, e quedando pampo ao ver que a parte do seu curmán era ao menos o dobre da súa, dixo abraiado:

—Manda chover, Emilio!, se non chas vise contar pensaba que me enganabas.



Críticas literarias e cinematográficas

"BAIXO A MESMA ESTRELA" de John Green

POR ANA VALDÉS OÑORBE

"Baixo a mesma estrela", con título orixinal "The fault in our stars" é un libro de John Green no que se desenvolve unha historia de amor entre dous adolescentes que padecen cancro. Por moi novos que sexan, algo da vida xa lles ensinou a súa enfermidade, pero non teñen tempo para lamentacións, porque, para eles, so existe o hoxe e o agora. Coa intención de facer realidade o maior desexo de Hazel, coñecer ao seu escritor favorito, cruzarán xuntos o Atlántico para vivir unha aventura contrarreloxo.

"LA EMPERATRIZ DE LOS ETÉREOS" de Laura Gallego García

POR DAVID SANTIAGO, DIEGO FERNÁNDEZ, PAULA VILANOVA, CANDELA CASTRO, AZAEL GARCÍA

É unha novela en Español, moi ben redactada. Cuxas descripcións transportan ao mundo da emperatriz. É un libro no que se expresan distintos e variados sentimientos como o amor que hai entre Aer e Bipa.

Tamén se presentan distintos matices ficticios e marabillosos.

O libro trata dun longo camiño que realiza, por unha parte Aer en busca da Emperatriz e por outra Bispa, que realiza unha longa viaxe para recuperar a Aer.

Esta historia, nos ensina que hai sentimientos no ser que ainda descoñecemos.

Este libro relata dun xeito moi profundo os sentimientos dos personaxes.

Sen dúbida algúna o recomendamos para todos os públicos.

"AS VIAJES DE GULLIVER" de Jonathan Swift

POR CARLA VILAR MUÍÑA

O capitán Lemuel Gulliver é un doutor inglés que viaxa en barco ata os mares do sur. O libro relátanos as súas aventuras tras sufrir diferentes adversidades nas súas viaxes. Na primeira parte o seu barco estrágase e chega a nado á illa de Liliput onde habitan os diminutos liliputienses. Na súa segunda viaxe chega a Brobdingnag e coñece aos seus habitantes xigantes. A terceira viaxe, á illa voadora de Laputa cos científicos tolos. A cuarta e derradeira viaxe é ao país dos Houyhnhms onde vive unha raza de cabalos intelixentes que non menten.

"O MESMO SER, MAGNÍFICO AO CARÓN DOUTRO MÁIS PEQUENO, É RIDÍCULO AO CARÓN DOUTRO MÁIS GRANDE"

Segundo vai avanzando o libro as historias son cada vez más fantásticas e disparatadas. Trátase dun libro moi interesante xa que ningún sabe o que lle deparará o futuro ao seu protagonista.




"CANDO O MAR VAI POLO RÍO" de Manuel María

POR HUGO MONTOYA

Este libro é moi interesante, xa que relata moitas aventuras de Manuel de Paderna mentres que está en Outeiro de Rei, o lugar onde se criou e coñeceu a moitas persoas. Cóntanos como foron as súas visitas a lugares onde hai unha gran lenda, neste caso "A lagoa de Cospeito", ou tamén nos explica algunha característica dalgún monumento mesmo modificada cos poemas, coma cando Manuel de Paderna modifica a torre de Vilalba para que sexa octogonal. Tamén este libro fala moioto sobre as persoas que coñece Manuel de Paderna, coma por exemplo, o singular "Don Capitón", un home moi avaro, grande e forte, que se mete en moitos problemas coas xentes do pobo.

O autor deste libro, é o falecido Manuel María, que a través de Manuel de Paderna relata todas estas historias sobre Outeiro de Rei.

Recomendo este libro para os amantes da literatura, dos poemas e das terras de Outeiro e Rei, que sempre o poderán visitar, co espírito de Manuel de Paderna e do seu autor, Manuel María.




"SOUL SURFER" de Sean McNamara

POR JAVIER GÓMEZ LENCE, IGNACIO RODRÍGUEZ ARIAS

Durante varias clases de Educación Física estivemos vendo unha película que nos gustou moioto. Títulase Soul Surfer, do director Sean McNamara e está baseada en feitos reais. Trátase dunha historia de superación na que unha rapaza perde un brazo mentres facía surf porque unha quenlla confundiu a súa táboa cun peixe. Enseguida foi trasladada ao hospital onde permaneceu varios días. A partir de aí e coa axuda dos seus pais e a súa fe en Deus, empezou a practicar surf de novo cunha soa man para participar nos campionatos rexionais. Chegou o día e, tras moioto esforzo, conseguiu collar a mellor ola.



Debuxo do filme. IGNACIO RODRÍGUEZ., JAVIER GÓMEZ



MANUEL MARÍA, O LITERATO DA TERRA CHÁ, SEGUE CON NÓS

A súa obra e a súa vida


POR BARCA LLOVO
GUILLÁN, PATRICIA PÉREZ
NARTALLO

Aproveitando a charla de Fran Rei sobre “Os soños na gaiola” de Manuel María e a lectura que nós mesmos estamos a facer desa obra nas nosas clases de galego, queremosos falar deste escritor lúcense ao que se lle dedicou o día das Letras Galegas o pasado ano 2016 e no ano 2017 a Festa da Lingua. Manuel María criouse en Outeiro de Rei e estudiou no colexio dos Irmáns Maristas ata a súa marcha ao Instituto Masculino. Xa aos dezanove anos deu unha conferencia no Círculo das Artes deixando a escritores coma Ánxel Fole tan abraiados que mesmo o convidaron a ir con eles.

Comezoulle a gustar a escritura grazas ao seu criado Manuel de Paderna, que escribía con el e lle daba clases empezando versos que o neno Manuel María tiña que rematar. Se o facía ben, regaláballe un cigarro. Foi Manuel de Paderna quen iniciou a Manuel María nos seus dous grandes vicios: escribir e fumar. Sempre se apreciaron e, de feito, Manuel María pediu que a casa museo co seu nome, casa onde el se criou, fosse chamada Manuel de Paderna pois, grazas a este home, o facía todo.

Manuel de Paderna foi alguacil (o que lle facía recados ao alcalde) e barbeiro. Nesa barbería tiña montado o seu centro social e alí impartía clases de literatura a aqueles que lle escotaban. Este

personaxe aparece en moitos poemas de Manuel María, que escribiu máis de cen libros nos seus setenta e catro anos. Deses cen libros, cincuenta e catro foron de poesía, contando con más de cincocentos poemas, a gran maioría dedicados a Manuel de Paderna. É de destacar a súa trilogía “Cando o mar vai polo río”, “Viaxes e vagancies de Manuel Paderna” e “A tribo ten catro ríos”. A carballeira de Santa Isabel en Outeiro de Rei foi un lugar de inspiración para Manuel María ao que tamén lle gustaba viaxar e coñecer novos lugares. Interesáballe moito o galego e Galicia pero tamén lle gustaban outras linguas. A escrita de Manuel María está dirixida ás persoas que non coñecen o galego e para todos os públicos.



Portada libro Manuel María. ARQUIVO 1ºESO

Charla coa escritora MARICA CAMPO

Que lle dirías a un rapaz que quere dedicarse a escribir?


POR: CLAUDIA PÉREZ PORTOMEÑE

Pois que lea moito porque escribir é consecuencia de ler. E que vaia polo mundo cos ollos moi abertos e que non atope ningunha palabra que non saiba o que significa sen tratar de abrir a caixa, sen saber que é o que ten dentro, que é o que significa cada palabra. Pero repitoche que o más importante é ler moito. É como

se queres pintar un cabalo tes que ver cabalos verdade? Ou se queres cantar tes que escoitar cancións, pois se queres escribir tes que ler moito. O problema é que despois ao mellor che gusta moito más ler que escribir. Sempre digo que escribir da traballo e cando les danche o traballo feito. Pero se liches moito é raro que non sentas o impulso de expresar tamén ti o que pensas, o que che suxiren as cousas que les.



Claudia Pérez conversando con Marica Campo. CLAUDIA PÉREZ PORTOMEÑE



Libro dedicado por Manuel María.
CLAUDIA PÉREZ PORTOMEÑE

**Marica Campo,
amiga e
compañeira de
Manuel María**

“Un libro é como un barco que botamos ao mar, ese libro vai vivir moitas aventuras”, dicía Marica, moi amiga e compañeira de Manuel María. Cada libro novo que o gran escritor sacaba ao mercado, regaláballo. Este, como moitos outros, dedicoullo. O libro ficou un tempo nun andel da casa de Marica Campo.

Cando tiven que ler o libro “Cando o mar vai polo río”, como é común, pregunteille a miña nai, e ela sabendo de Marica e más da súa irmá, que son como da familia, comunicouse con elas. Prestáronlle o libro que logo de lelo, devolvín á súa propietaria.



A nosa opinión tamén conta!

Deberes sí ou deberes non...



DEBERES SI

POR ANA VALDÉS

Os deberes son propios e necesarios no ámbito escolar. Nós, os rapaces, precisamos de obrigas que nos axuden a fomentar a nosa comprensión lectora e outras capacidades necesarias na nosa vida. É certo que pasamos preto dunha xornada laboral dentro do centro escolar e que debería resultar abondo pero, os deberes, non nos impiden as nosas saídas e actividades deportivas ou lúdicas. De feito, está demostrado que os rapaces con mellores resultados nas probas escritas, son aqueles que dedican a gran maioría do seu tempo de lecer á práctica físico-deportiva.

Nestes últimos anos trabállase na procura de que os rapaces poidan desenvolver e mostrar a súa creatividade cos traballos extraescolares. Ademais, os deberes axudan aos nosos pais tanto como a nós, xa que, desta maneira, eles poderán saber o que se está levando a cabo nas clases e nós poderemos practicar o que máis nos custa ou o que debemos mellorar. Grazas aos deberes xórdennos dúbidas na casa que poderán ser resoltas polo profesorado antes do exame. Así que con todos os beneficios que estes aportan, como non vou estar a



favor dos deberes?

POR CLAUDIA LÓPEZ

Os deberes son fundamentais para ter bons resultados académicos.

Axudan a comprender o que é o esforzo persoal xa que desta maneira podemos organizar o noso tempo e ser responsables. Despois de intentar un exercicio moitas veces empezas a comprender o que é o esforzo.

As tarefas axudan a reforzar os contidos dados na clase, porque as que facemos na casa fan que repasemos os temas e así prepararnos para o exame.

Cada vez que os profesores nos mandan deberes non é por outra causa máis que para reforzar os contidos dessa materia. E tamén axudan a mellorar a lectura como base fundamental para todos os aprendizaxes, porque no momento no que precisamos resolver un exercicio de calquera materia é imprescindible a lectura para comprender o que se nos expón. Os profesores sempre non insisten en que temos que ler ben os enunciados. Ter deberes na casa non significa non ter tempo libre porque se tes unha boa

organización todo é posible. Polo tanto creo que ter tarefas é parte da nosa formación e aprendizaxe.

DEBERES NON

POR ROCÍO DAPENA

Nos últimos anos os deberes están quitando moito tempo aos nenos de actividades extraescolares: deportes, actividades lúdicas e, incluso, tempo libre.

Ademais son horas extras e a ningún lle gusta quedarse

horas extra no seu traballo. Aos nenos tampouco porque despois do tempo de colexio temos que sumar as actividades extraescolares e as obligacións familiares. Resulta esgotador que despois da xornada lectiva debamos seguir con traballo na casa.

Xeran ansiedade e estrés. Segundo datos da Comunidade Escolar, o 32% dos nenos dedican máis de dúas horas ao día ás tarefas escolares. A Sociedade Española de Psiquiatría informou fai uns anos que o 10% dos nenos sofren de estrés e ansiedade como consecuencia de levar unha vida demasiado axitada e con demasiadas responsabilidades no seu día a día.

En determinadas idades, sobre todo en Primaria, os nenos encóntranse nunha etapa importante no seu desenvolvemento vital. Necesitan tempo libre, incluso para aburrirse e encontrar unha forma para entreterse. Tamén necesitan tempo para as actividades extraescolares e as actividades creativas, de esta maneira foméntase a imaxinación e diminúen os niveis de estrés e ansiedad. E ti, estás a favor ou en contra dos deberes dos nenos?

Cartas ao director

Rolda a 30 km/h

Ben prezado Señor Director do xornal O Progreso de Lugo:

Son un alumno de 1º ESO que ten unha inquedanza grande. Tódolos días estou chegando tarde á clase, porque a miña familia me transporta ata o Centro no seu propio vehículo e atopamos que na Rolda da Muralla a velocidade máxima é de

OPINIÓN

ÁLEX MÉNDEZ

30Km/h.

Comprendo que esta medida pode resultar efectiva para que non haxa accidentes e ao mesmo tempo non se consuma tanto gasóleo ou gasolina, danando deste xeito o medio ambiente. Pero o certo e verdade é que eu estou chegando tarde ao Colexio, e a titora ponme falta de puntualidade. Quixera poder solucionar este

problema e penso que o poderíamos facer entre os dous: que lle parece?

A proposta sería, pola miña parte, erguerme máis cedo e meus pais tamén, para non atopar o atasco na hora punta.

Pola outra banda tocarialle a vostede. Podería influir na Alcaldía da nosa cidade para que esa velocidade de 30Km /h só estivese activada polas noites?

É soamente unha proposta.

Un cordial saludo





O grupo chegando aos mc2. ARQUIVO 1ºESO

Excursión aos museos científicos de A Coruña

Unha actividade complementaria dentro do currículum de Bioloxía e Xeoloxía

POR: SARA VALCARCE LENCE

O día 16 de xaneiro foi un día único e irrepetible no que os alumnos de primeiro da ESO partiron cara A Coruña nunha viaxe que prometía moita aventura. Saímos do colexo ás nove da mañá e, aínda que era luns, iamos con ganas de pasalo ben. Cando chegamos fomos ao museo da Domus, un museo adicado ao ser humano. Pasamos alí toda a mañá. Vimos unha película en 3d sobre a vida dalgúns animais, tamén un vídeo do nacemento dun meniño, había diferentes actividades de lóxica, movemento, etc...

Cando rematou a mañá, chegou a hora de xantar. Comemos nunhas mesas con vistas á praia de Riazor, descansamos as pernas e voltamos retomar a marcha.

Encamiñámonos cara ao mar, concretamente cara ao Acuario. Descubrimos hábitats moi fermosos e orixinales e vimos ás focas e ás mantas que estaban fora do recinto. Logo



Visionando as diferentes partes dos museos. ARQUIVO 1ºESO



Visionando as diferentes partes dos museos. ARQUIVO 1ºESO



Vistas do Aquarium Finisterrae. ARQUIVO 1ºESO



Vistas do Aquarium Finisterrae. ARQUIVO 1ºESO

FOI UNHA VERDADEIRA

AVVENTURA

baixamos unhas escaleiras ata que estivemos baixo o nivel do mar. Alí había decenas e decenas de diferentes especies de peixes pero o que máis nos chamou a atención foron os dous tiburóns.

Unha vez xa no autobús fomos cara ao Museo das Ciencias onde nos esperaba unha sesión de Planetario. De arriba para abaxo de abaxo para arriba vimos todo o museo, cada un ao seu paso, tranquilos e entendendo. No Planetario ensináronos o que veríamos nesa noite se non houbese nubes. A verdade é que foi alucinante e quedamos todos fascinados. Cando rematou a sesión marchamos do museo, comemos algo polo parque e fomos cara ao autobús.

Ata o de agora é a mellor excursión. Unha verdadeira aventura!

PABLO VÁZQUEZ MÉNDEZ, COMPAÑEIRO DE 4ºA QUE COLABORA COA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO.

“A colaboración de todos é moi importante”

A protectora pretende aumentar as súas instalacións coas aportacións dos socios e apadriñamentos para que os animais poidan seguir recibindo a atención sanitaria e a alimentación que precisan

POR ASHLEY VÁZQUEZ QUIROGA, NAIARA FERNÁNDEZ GUIMAREY, MATEO DÍAZ VILLAMOR, JAVIER GÓMEZ LENCE

Poderías explicarnos que é unha protectora de animais?
A protectora de animais é un servicio de recollida de animais que se escapan, abandonados ou que requisa a policía. Tamén intenta buscarles un fogar.

Como funciona?

Cando chega un animal novo pasa un período de 13 días para ver se aparece o seu dono. Antes de poñelo en adopción ou acollida compróbase o seu carácter para ver se é apto para estar con outros cans ou non, as vacinas, o microchip (en caso de que o teña chámase ao seu dono)... No albergue recibe a atención sanitaria e a alimentación que precisa. Se ningún se fai cargo do animal quedará nas gaiolas onde agora hai ao redor de 370 cans. Aínda que se lles intenta buscar unha casa temos un caso dun can que leva xa 8 anos na protectora.

Que animais tedes?

Temos principalmente cans, dende cachorros ata cans de 10 anos, e algúns gatos, áinda que todos os gatos están en acollida e no albergue non hai ningún nestes momentos.

Chégannos camadas enteiras das que os donos non se poden ocupar. Tamén a xente chama á policía cando ve algún animal solto ou denuncia casos de malos tratos. Nós contamos con ferramentas especializadas para collelos sen mancalos, áinda que, en moitas ocasións, aparecen en moi mal estado.

Como os organizades nas gaiolas?

Os cans considerados agresivos están solos. Pódense



Pablo agarimando ás súas mascotas. PABLO VÁZQUEZ MÉNDEZ

mesturar cans de distintas razas pero sepáranse os machos das femias se non están castrados. Os gatos cástranse para que non teñan más crías, tápaselles a gaiola cunha manta para que non se estresen e dáselles penso, auga e area. Son máis sensibles ao frío que os cans.

A protectora colabora co Hospital Universitario Rof Codina para castrar aos animais xa que se está quedando sen espazo. Coas aportacións económicas dos

socios e dos apadriñamentos quérense aumentar as

**"HAI COUSAS
QUE ENCHEN
MÁIS QUE
CALQUERA
BILLETE"**

instalacións.

E sacádelos das gaiolas a pasear ou para que xoguen xuntos?

Inténtanse sacar unha vez á semana áinda que iso depende dos voluntarios que haxa, do tempo, do número de animais que teñamos nese momento,... Paséanse por unha finca moi grande con moitas ábores. Hai que estar moi seguro de que se levan ben e de que non van pelexar para deixalos xogar xuntos. Levan todo o día nas gaiolas e cando saen pódense poñer nerviosos.

E as razas perigosas?

Ao contrario do que se pensa,

son os cans máis agarimosos. O que hai que facer é tratalos con cariño dende pequenos e darles unha correcta educación.

Que diferencia hai entre unha canceira e unha protectora?

Na canceira sacrificanse os cans se non aparece o seu dono ou ninguén que os queira. Na protectora non.

Tivestes algún animal estranho?

Tivemos unha pomba cunha pata rota, un loro, un periquito,...

E ti cando decidiches empezar coma voluntario?

Empecei con 13 anos porque de sempre me gustaron os cans e os gatos, e foi entón cando decidín apuntarme. Adoptei a Menina. Ademais teño tres cans que paseo sempre: Rocco, Castelao e Bucharda áinda que tamén paseo outros cans.

Os meus pais apóianme en todo.

Sacades algún beneficio de todo este traballo?

Na protectora traballan catro persoas todo o día. Nós coma voluntarios non recibimos nada. Hai cousas que enchen máis que calquera billete.

Facedes algúna campaña?

Fixemos unha campaña de recollida de penso en Carrefour, tamén na Facultade de Ciencias de Lugo e estaremos en Chantada nunha xornada de adestramento profesional de cans. Fanse varios actos deste tipo ao longo do ano.

Algo máis que nos queiras dicir Pablo?

Anímovos a ir pasear algún can ou a apadriñar e visitar o albergue. A colaboración de todos é moi importante , para axudalos a saír da protectora. Estades invitados!

PEQUENOS INVESTIGADORES (I)


Alá arriba...

QUE É A LÚAAZUL? REALMENTE VÉMOLA DESA COR?

POR: PAULA VILANOVA JUL,
CÉSAR LÓPEZ VILELA

O termo lúa azul, que nada ten que ver coa cor do noso satélite, non é senón a sucesión de dúas lúas cheas dentro do mesmo mes do calendario, algo que acontece aproximadamente cada tres anos.

En realidade non é azul, é unha lúa chea como calquera outra, da mesma cor que se ven as lúas cheas, é dicir, entre gris pálido, branco leitoso ou prateado.



Homo imperfectus...

POR QUE SE ENGURRA APEL DOS DEDOS NA AUGA?

POR: NICOLE MAGALI MAZA TORRES,
CATALINA LÓPEZ CELADA

As engurras dos nosos dedos prodúcense cando os vasos sanguíneos destes se contraen. Este efecto ten como finalidade mellorar o noso agarre á hora de suxeitar obxectos mollados ou somerxidos na auga. Exactamente o mesmo ocorre cos sucos dos pneumáticos dos automóbiles. Ademais, os dedos engúrranse máis rápido na auga doce que na salgada.

Ao parecer esta habilidade serviuños en tempos pasados para a recolección de froitos nas zonas húmidas, segundo concluíron investigadores da Universidade de Newcastle.

Sen embargo, se tivéramos os dedos engurrados todo o tempo reduciríase a nosa sensibilidade e poderíamos danar a pel ao agarrar obxectos secos.

Coñecemento da fauna...

POR QUE COSPEN AS LLAMAS?

POR: IGNACIO GLEZ. FDEZ.
EDUARDO VILANOVA MONTERO

A llama é un mamífero doméstico da familia Camelidae que podemos atopar nalgúns países coma Bolivia, Perú, Chile ou Ecuador.

Cospen cando se senten ameazadas, áinda que tamén poder reaccionar asubiando, mordendo ou ficando tendidas no chan. Esta "saliva visceral" é unha masa verde e pegañenta de bacterias, zumes gástricos e herba fermentada que procede do "rumen" o primeiro compartimento do estómago. As llamas adoitan anunciar esta reacción botando as orellas cara atrás, arqueando o pescozo e apuntando cara o ceo coa nariz mentres os zumes gástricos ascendan lentamente ata a boca. Algunhas poden lanzar o esputo a cinco metros!

PARA QUE SERVE A PEL DE PITA?

POR: LAURA MARINHO EXPÓSITO,
MARÍA DÍAZ VILLAMOR

Imaxina que saes da piscina. Fai un bo día pero xa está anoitecendo e a temperatura baixou un par de grados. Corre unha brisa fresca e ao poñer a toalla por riba dos ombros dáselle conta de que os pelos dos brazos puxeronse como ourizos. Isto é causado porque na raíz de cada un dos pelos distribuídos por toda a superficie da pel (exceptuando as zonas dos xenitais, as palmas das mans e as plantas dos pes) existe un músculo erector do pelo. Cando vai frío, este músculo contráese para arrepuiñar o pelo, creando, deste xeito, unha capa de aire ao noso redor que nos afasta do frío exterior. É o que coñecemos como "pel de pita" ou "carne de galiña".

Tamén ocorre como resposta fronte a algo que nos provoca tensión, xa sexa porque temos medo, se nos acerca unha persoa que nos gusta

Insectociencia...

POR QUÉ SE ILUMINAN OS VAGALUMES?

POR: MARTÍN ÁLVAREZ BLANCO,
AZAEL GARCÍA LÓPEZ

O vagalume contén no seu abdome un composto orgánico chamado luciferina. Cando esta molécula entra en contacto co oxíxeno, prodúcese unha reacción de oxidación que provoca o brillo do vagalume.

Os vagalumes poden regular o fluxo de aire que entra no seu abdome e así crear unha pauta intermitente. Os machos ilumínanse para conquistar ás femias e estas, se desexan corresponder ao flirteo amoroso, responden tamén con iluminación.

Cabe destacar que non todos os escintileos dos vagalumes son propiciados para a conquista amorosa. Dáse o caso dalgunhas femias que imitan as pautas da iluminación doutras especies de vagalumes para así poder atraer aos machos, os que, unha vez pousados ao seu carón, son devorados por elas.



ou escoitamos unha canción que nos emociona. Chámase pel de pita porque é un vestixio evolutivo que lembra á pel das aves cando as despluman. Moitos animais comparten este trazo con nós, coma por exemplo os gatos.

Sabedoria popular...

Coa certeza de que na nosa comarca existen ditos relacionados coa natureza e os oficios do campo, os alumnos de 1º fixemos equipos para recuperar refráns, sentenzas e adiviñas relacionadas co medio ambiente. Velaquí o noso traballo!

REDACCIÓN 1ºESO

Cando chove por Santa Lucía, non hai sardiña
Cando chove e vai sol, anda o demo por Ferrol

Auga de maio non fai dano

Cando a gaivota vai para a terra, xa non neva; cando vai para o mar, vai nevar

Cando marzo é ventarrón, abril é chuviscón

Día de neve, día alegre

En marzo abrigo, noces e pan trigo

En xaneiro vive o home a carón do caldeiro

Marzo marzán, á noite cara de lobo e á mañá cara de can

Sol madrugueiro non é bo compañoiro

Si en marzo ves tronar, bótate a tremar



Grupo traballando. ARQUIVO 1ºESO

Nosa cultura, noso Miño,

a muralla, o camiño.


Nosa flora, nosa fauna,

Vai a Lugo a visitala!


Slogan promocional turismo de naturaleza en Lugo. CLAUDIA PÉREZ, CÉSAR LÓPEZ



Traballo de investigación. IGNACIO FDEZ. OCHOA



Carteis publicitarios de Lugo. POR CLAUDIA LÓPEZ SEIJAS



VIAXE AO PATRIMONIO NATURAL LUCENSE

Os alumnos de 1º pensamos que na provincia de Lugo ben podemos presumir de riqueza natural, que é o noso principal patrimonio.

POR FERNANDO PÉREZ TRIGO, LUCÍA FERNÁNDEZ, NICOLE MAZA, CLAUDIA LÓPEZ

Queremos salientar diversas especies con problemas que fan moi necesaria a súa protección. Son especies en perigo de extinción polas ameazas dos incendios, a polución, os irresponsables,... Algunhas están a atravesar por un momento crítico e a redución da súa poboación é dramática.

A reserva da Biosfera dos Ancares alberga un total de 75 especies consideradas clave para a biodiversidade. Entre os animais más emblemáticos destancon o oso pardo e a pita do monte, ambas considerados en perigo de extinción. Velaquí algúns dos nosos traballos de investigación!

OSO PARDO

O oso pardo é un dos animais que se atopan en perigo de extinción na Península Ibérica, e máis concretamente en Galicia.

Atópanse sobre todo na Cordilleira Cantábrica, nos Pirineos e nos montes entre León e Galicia (os Ancares e o Courel).

Grazas á labor de conservación que se leva a cabo dende a administración a varias fundacións, conseguiuse que a extinción se estancase.

Están vixiados en toda a comunidade e a súa caza está prohibida para evitar a súa desaparición.

Dende o ano 1989, nas fragas dos Ancares de Lugo, ao mesmo que no resto da Península, os osos aumentaron a súa poboación.

Ademais, as femias atópanse en espazos protexidos para deixar que se reproduzan e para protexer ás crías.

Na zona dos montes de Lugo e León fixose o ano pasado un seguimento a 26 familias reprodutoras.

O oso pardo, tamén chamado Ursus arctos, é unha especie de mamífero da familia Ursidae. Estes animais vense ameazados principalmente polo cambio climático, a caza furtiva e a destrucción do seu hábitat.

Están en perigo de extinción, por iso debemos esquecer a caza desta especie. Os osos pardos necesitan un amplio espazo e tranquilidade.

PITA DO MONTE

En Galicia, esta especie que se atopa nos Ancares, está actualmente en perigo de extinción. Atopamos algúns exemplares ao longo de zonas boscosas da Cornixa Cantábrica.

A pita do monte caracterízase por ter unhas plumas debaixo do pico en forma de barba, unha especie de "gran cella" de cor vermella sobre os ollos e unhas plumas traseiras en forma de abano.

Esta ave segue dous tipos de dietas estacionais. No verán aliméntase de herbas, formigas, landras, bagas ou incluso pequenas serpes. No inverno mantense de agullas dos piñeiros, bagas de silva e dos acívros.

Este animal é pequeno e caracterízase por ter unhas plumas debaixo do pico en forma de barba. Vive en zonas montañosas con fragas claras. En Galicia temos moita sorte ao ter distintas especies que son propias da nosa terra. Por iso debemos coidalas xa que moitas están en perigo de extinción coma o oso pardo ou o cardo da lagoa. Non debemos deixar que pase isto!

Turismo de natureza en Lugo



Se a algúñ lugar tes que viaxar
dugo será o teu destino ideal

Anuncio Turismo de natureza en Lugo. BARCA LLOVO GUILLÁN

Leite Río. Unha empresa que xorde do esforzo familiar

Líder en comercialización de leite UTH na comunidade

POR CLAUDIA LÓPEZ, LUCÍA VÁZQUEZ, TERESA CORTIÑAS

O Grupo Leite Río é a industria láctea líder en Galicia. Esta sinatura familiar, co empresario Jesús Lence (Castroverde, 1940) á cabeza,

é a que máis leite procesa de Galicia. Nas súas catro factorías pode industrializar a metade da produción láctea galega. É líder en comercialización de leite UTH na comunidade, mentres que a nivel estatal ocupa a sexta praza do ranking.

A chegada de Lence ao sector, como el mesmo recoñeceu en numerosas ocasións, foi totalmente casual. O seu primeiro negocio foi unha gasolineira en O Corgo. Nunca chegou a abandonar esta actividade. De feito, na actualidade conta con varias estacións de servizo.

Ata o ano 1975 non se lanza a envasar. Faino con Refileche, o que sería o xermolo de Leite Río, empresa que nace en 1981

baixo o nome de Lácteos Lence S.L. É en 1998, en pleno crecemento da produción, cando cambia de denominación e pasa a chamarse Leite Río, S.L. No ano 2005 dá o salto definitivo a o que é hoxe coa compra da sinatura Leyma a Ebro Puleva. Así nace o grupo que conta na actualidade con catro plantas de envasado: a de Láncara (Lugo), as dúas do polígono de O Ceao e a de Leyma en Sabón, nas que traballan 165 persoas, e das que saen marcas como Río, Cremosita, Leyma, Solar e os zumes Río de froitas.

Por todo isto debemos ter presente nas nosas mesas este producto xenuinamente galego que nos alimenta que da gloria.



San Marcelino Champagnat realizando o "Bottle Flip Challenge" cun cartón de Leite Río. ROCÍO DAPENA BLANCO

MARTÍN ZAPATA PÁJARO, COMPAÑEIRO DE 1ºB ESO QUE PRACTICA ESGRIMA, UN DEPORTE MINORITARIO E POUCO COÑECIDO POR NÓS.

“O meu soño é gañar as Olimpíadas”

A fin de semana do 22 de abril tivo a oportunidade en Barcelona de competir contra os melhores equipos de Europa

POR ASHLEY VÁZQUEZ QUIROGA, LAURA MARINHO EXPÓSITO, NAIARA FERNÁNDEZ GUIMAREY

Por que decidiches practicar este deporte?

Dende moi pequenijo xa me gustaban as espadas e o todo empezou cando o pai dunha compañeira me deu a oportunidade de ir facer uns cursiños.

Cantos anos tiñas cando empezaches?

Sobre cinco ou seis anos.

Onde practicas esta actividade?

Na Casa da Auga da Coruña e, ás veces, en Oleiros.

Cando adestrás?

Adestro os venres e os sábados. Os venres dende as 19:00 ata as 21:30 e os sábados dende as 11:00 ata as 13:30.

Que equipamento tes que levar? É cómodo?

Teño que levar unhas zapatillas deportivas, unhas medias, un pantalón especializado, unha chaqueta e unha careta. Tamén unha espada!

Este deporte pode ser perigoso?

Pode ser perigoso dependendo de como empregues o material.

Cal foi o teu maior premio?

Os meus maiores premios foron dous. Nunha competición de maiores déronme o terceiro premio e no campionato galego déronme o segundo premio.

Cales foron os teus contrincantes más duros?

O meu contrincante máis duro foi o campión de España e o meu maior rival é un rapaz da miña mesma categoría.



Martín gañando un combate nunha competición. MARTÍN ZAPATA PÁJARO



Martín no podio de gañadores. MARTÍN ZAPATA PÁJARO



Martín nun momento do seu adestramento. MARTÍN ZAPATA PÁJARO

Cal foi o campionato máis importante para ti? Por que?

O campionato de España porque foi a primeira oportunidade que tiven de competir fóra de Galicia e contra xente maior.

Gustaríache dedicarte a isto? A verdade é que si.

Cal é o teu obxectivo neste deporte?

Gañar as Olimpíadas.

Moitas grazas por concedernos esta entrevista Martín e moita sorte nos teus vindeiros compromisos!

"COMECEI NESTE DEPORTE CON CINCO ANOS. DENDE MOI PEQUENIÑO XA ME GUSTABAN AS ESPADAS"

"O CAMPIONATO DE ESPAÑA FOI A PRIMEIRA OPORTUNIDADE QUE TIVEN DE COMPETIR FÓRA DE GALICIA E CONTRA XENTE MAIOR"

We like...

O grupo de 1º ESO traballou no proxecto "Deporte en inglés", en colaboración coa área de Educación Física e Oratoria, onde expuxeron en lingua inglesa os contidos traballados

Antoine Griezmann

BY MANUEL LOSADA, LUCÍA FERNÁNDEZ AND EDUARDO VILANOVA

Date of birth: 21/03/1991

Age: 26

Birthplace: Maçón (France)

Height: 1,74 m

Weight: 72 kg

Nationality: French

Dorsal: 7

Football Position: Forward

He is a football player who plays for Atlético de Madrid and in the French National Team. He plays as a striker on the left or front striker. He stands out as a playmaker. His main features are his speed and agility.



Football/Soccer

Football is a team sport that involves kicking a ball with the foot to score a goal.

The basic physical capacities that we develop in soccer are: Stamina, strength, speed, agility, coordination and balance.

Strength

Physical strength is necessary to strike the ball hard and to give it speed and rotation.

Agility

Agility is important for the goalkeeper and the players because it is a necessary characteristic for any athletes or sports.

Stamina

It is necessary to have stamina to keep high defensive and

offensive work that develop during a football match.

Speed

In modern football speed is an important attribute for a player. Antoine Griezmann is one of the fastest strikers at the moment and that is why he is wanted by many clubs.



Mireia Belmonte Swimming

BY IGNACIO FDEZ, PAULA VILANOVA, SARA VALCARCE AND ÁLEX LÓPEZ

She was born in Badalona on 10th November, 1990 in a working family from which Mireia learned what hard work means.



Cristian Toro

BY MARTÍN ZAPATA, MARTÍN ÁLVAREZ, HUGO MONTOYA AND CANDELA CASTRO

He was born in La Asuncion, Venezuela, on April 29th, 1992. Cristian is a Spanish sportsman who competes in canoeing in calm waters. He took part in the Olympic Games of Rio de Janeiro obtaining a golden medal in the test of K2 200.



Canoeing

It is a water sport that is practised with a canoe, usually made of fiberglass or plastic. The competitions are normally in the summer months, although they have to train all along the year.

The most important capacities of this sport are strength, speed, and resistance.



Swimming is the movement in the water with the use of bodily limbs and usually do not use any instruments or support to advance. Generally swimming is a recreational, sport, exercise or survival.

Strength is a fundamental attribute, since it requires great strength to be able to swim at high speed and in the most efficient way so as not to tire. Resistance is the key piece when swimming long trials, due to long-term effort. For a very long test we must have a previous physical preparation. Speed is the most important ability. It is closely related to strength and technique of swimming.

Flexibility is a very important factor in swimming, because to be able to perform a good technique and a wide movement we need to work this ability well previously.

BARCA LLOVO GUILLÉN, COMPAÑEIRA DE 1ºA ESO QUE PRACTICA NATACIÓN SINCRONIZADA, UN DEPORTE MOI ARTÍSTICO E MINORITARIO.

“Gustaría me facer da miña afeción o meu futuro traballo profesional”

Está a adestrar ao máximo para preparar as figuras das vindeiras competicións

POR MARÍA FERNÁNDEZ,
ALEJANDRO LÓPEZ,
CATALINA LÓPEZ

Con cuntos anos comezaches a facer natación sincronizada?

Con seis anos. Porque un día fun a un campamento. Unhas rapazas estaban nadando, probei e logo me preguntaron se me quería apuntar.

Vés a natación sincronizada como unha afeción ou como un futuro traballo?

Como una afeción, que se a segui a practicar, pode converterse nun futuro traballo.

Como te sentes ao practicar este deporte? Por que?

Ben, porque me gusta e áinda que sexan moitas horas é satisfactorio.

Cuntos campionatos gañaches? Cales? Onde?

Quedei primeira en dous campionatos galegos en Vigo. Gañei un trofeo en Ourense e outro en Pontevedra.

Respirase un ambiente de



Barca na piscina durante unha competición. BARCA LLOVO GUILLÁN

cordialidade no teu club? Por que?
Como en calquera grupo, hai conflitos, pero despois nos imos unindo e soluciónanxe.

Quen foi o teu primeiro profesor? Como o lembras?
Foron dúas profesoras: Lorena e Andrea, as que nos apoiaron e nos ensinaron moitas cousas.

Como te sentches no primeiro campionato ao que asistiches? Por que?
O primeiro é moi emocionante. Foi moi divertido xa que os nosos pais nos dixeron que quedaramos terceiras, sen embargo á hora da entrega de premios comprobamos que quedaramos primeiras.

Quen é o teu ídolo neste intre? Por que?
Ona Carbonell, unha nadadora da natación sincronizada, que acode sempre ás olímpíadas e me parece unha moza moi amable e accesible.

QUEDEI PRIMEIRA EN DOUS CAMPIONATOS GALEGOS EN VIGO.

GAÑEI UN TROFEO EN OURENSE E OUTRO EN PONTEVEDRA.



Debuxo de Barca facendo unha figura na piscina. CLAUDIA PÉREZ

ONA CARBONELL É O MEU REFERENTE NESTE DEPORTE.

GUSTARÍAME CHEGAR ÁS OLIMPÍADAS COMA ELA

E agora... os nosos campións!



Mateo Díaz, Hugo Mondelo e Ignacio Fdez. campións da liga local de fútbol sala de Lugo na categoría infantil.



Xian Luna, Catalina López, Diego Fdez. e Daniel Fdez. campións da liga galega de softball.



Ignacio Rguez., Javier Gómez, Fernando Pérez, Alfonso Conde, David Santiago e Alejandro López campións da liga provincial de fútbol 11 na categoría infantil.



Paula Martínez a nosa ximnasta



Manel Losada, Hugo Montoya e Ignacio Fdez. xogadores de fútbol campo do Club Deportivo Lugo



A nosa atleta Carla Vilar durante unha competición



Mans unidas. ARQUIVO 1ºESO

MarCha e tempo libre. Marcelino Champagnat tamén vive con nós.

Con Champagnat marchamos cara á aventura da vida

POR: ANA VALDÉS, PATRICIA PÉREZ, PAULA MARTÍNEZ, PAULA GALLEGOS, SARA VALCARCE, CÉSAR LÓPEZ, MARTÍN ÁLVAREZ

MarCha (Marcelino Champagnat) é unha asociación xuvenil na que participan profesores, alumnos e exalumnos. Divídese en diferentes etapas nas que se realizan diversas actividades ao longo do curso. Neste grupo experimentamos novas sensacións en primeiro, é moi divertido, gústanos e pasámolo moi ben na compañía dos nosos amigos. Xa somos unha piña!

A PALABRA COMPONESE DE MAR (MARCELINO) E CHA (CHAMPAGNAT), QUE É O FUNDADOR DA INSTITUCIÓN DOS IRMÁNS MARISTAS.

MarCha é un lugar de crecemento integral e de desenvolvemento de capacidades como a autonomía, a interioridade ou a solidariedade. Neste espazo cultívase o sínxelo, o sentido cordial da vida familiar, a presenza, o coidado dos máis



Emblemas maristas. ARQUIVO COLEXIO



Emblemas maristas. ARQUIVO COLEXIO

Verán en MarCha. Reserva india de Navalguijo

No albergue Marista de Navalguijo gozaremos da natureza e sentiremos o espírito da tribo en primeira persoa: a amizade, a alegría e o compartir. Na serra de Gredos (Ávila) pasaremos un verán coma os indios!

pequenos, a amizade, a unión e a diversión.

DIVÍDESE EN VARIAS ETAPAS SEGUNDO A IDADE:
AMENCER, CAMIÑO E AVENTURA.

A última actividade foi unha xuntanza de tódolos colexios Marista de Galicia en Vigo. Os maiores levaron moita alegria cos reencontros e nós coñecemos moita xente nova.

EN CONCLUSIÓN PÁSALO MOI BEN E COÑECES A MOITA XENTE DE DISTINTOS LUGARES MARISTAS.

Apuntámonos porque nos pareceu unha idea moi boa para realizar excursións e pasar un tempo extra de convivencia cos compañeiros, unha oportunidade que non tiñamos en Primaria. Cremos que máis xente debería apuntarse. Vídevos a MarCha!

AS ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN NESTE GRUPO SON VARIADAS COMA MANUALIDADES, XOGOS, BAILES, DEPORTE, VELADAS...TAMÉN SE REALIZAN EXCURSIÓNSEN DIFERENTES LUGARES DA XEOGRAFÍA GALEGA E PROXIMIDADES: VIGO, AS MÉDULAS, A CORUÑA, SANTIAGO,...



Videoxogos

HORIZON ZERO DAWN

POR ALFONSO CONDE

É un xogo de mundo aberto que se desenvolve nun mundo apocalíptico habitado por criaturas metálicas e por civilizacións non moi avanzadas.

A protagonista é unha muller que, cando era pequena, caeu nunhas ruínas onde atopou un obxecto que lle permite ver o recorrido das máquinas e os seus puntos débiles. A súa misión é derrotar a unha asociación que pretende empregar as máquinas para conquistar o mundo. Máis adiante no xogo poderás danar esas máquinas e a medida que avanzas conseguirás mellorar as súas habilidades obtendo obxectos, mercando armas, armaduras ou pocións.

Gústame este xogo porque ofrece moitas opcións e as misións secundarias son moi longas e interesantes.

FOR HONOR

POR XABIER CASTRO ARIAS

É un xogo inspirado na Idade Media onde podes elixir a túa facción entre tres diferentes: os cabaleiros, os vikingos ou os samurais. Podes xogar batallas e, cando gañas, axudas á túa facción a conseguir territorio. Divídese en dous modos: campaña e multixogador.

No modo campaña axudas librando épicas batallas ao desenvolvemento da túa facción. No modo multixogador compites contra xogadores de tódalas partes do mundo. Se gañas consegues novos equipamentos para o teu personaxe.

Cada mes disputase unha tempada para ver cal é a facción gañadora e se ti es o mellor podes gañar premios exclusivos.

Gústame porque é un xogo moi completo no que podo xogar cos meus amigos.

GTA V e CALL OF DUTY BLACK OPS III

POR HUGO MONDELO GAY, IVÁN FIGUEIRAS VICENTE

Hola e benvidos ao mundo dos videoxogos. Vámossos falar do modo online e do modo libre dos videoxogos GTA V (Grand Theft Auto V) e Call of Duty Black Ops III.

Modo online:

O GTA V ofrécenos moitas opcións para realizar a nosa propia escalada criminal e permite incluso que máis xogadores poidan unirse a nós nas diferentes misións. O xogo comeza creando o teu personaxe: aparencia, vehículos,... E logo dunha apaixonante carreira xa estará listo para empezar. A maior reputación máis cartos gañaremos, algo moi importante para poder mercar novos coches ou casas de luxo e desbloquear novas misións ou retos. Ademais, con cada nivel que vayas subindo poderás acadar novas armas. É realmente emocionante!

O Call of Duty Black Ops III conta con novos xeitos para subir de rango, personalizarse e prepararse para a batalla. Neste xogo hai moitas cousas que podes elixir: crear clases para darlle vantaxes ao teu personaxe, configurar rachas de puntos, escoller un "especialista" cun arma moi potente ou incluso acudir ao mercado negro no que cos cod points obterás subministración como camuflaxes ou armas. Tamén poderás optar por diferentes tipos de xogo coma duelo por equipos, contratados,... e distintos escenarios (mapas) nos que xogar. Incrible!

Modo libre:

No GTA V nesta modalidade de xogo, ademais das xa coñecidas misións, tes varios entretimentos diferentes: atracos a tendas ou a camións blindados, roubo de vehículos, carreiras improvisadas, ...todo ambientado nos Santos, unha



parodia da cidade dos Ánxoles. Poderás escoller entre tres personaxes: Franklin o guai, Michael o rico e Trevor o psicópata. Tres protagonistas con historias e habilidades moi distintas. O GTA V é un dos xogos más vendidos polo de agora e, na miña opinión, o poder facer o que queiras neste modo de xogo convérteo nunha opción moi divertida.

O modo campaña do Call of Duty Black Ops III ten lugar no ano 2065 e o teu personaxe é un supersoldado ciborg cunha IND (interfaz neuronal directa). Terás que loitar contra un virus que vos intentará controlar a ti e a os teus compañeiros.

No modo zombis, o que máis medo da, sobrevivir non é precisamente doado. Deberás coller orbes e facer rituais ao mesmo tempo que te desfás destes mortos viventes.

Isto foi todo por hoxe, grazas pola vosa atención.

FIFA 17

POR XABIER CASTRO ARIAS, MATEO DÍAZ VILLAMOR

O FIFA é un xogo de fútbol no que podes competir de diferentes xeitos.

En partido rápido disputas partidos amigables onde podes xogar ti só ou con máis persoas, elixindo o equipo que queiras. No modo carreira podes escoller un equipo de calquera liga no que ti es o manager, obtendo puntos por cada partido que gañas. No modo online atoparás dous tipos de xogo: o modo tempada no que elixes un equipo co que ir avanzando postos na liga dende décima a primeira división e o modo ultimate team no que podes xogar online creando o teu propio equipo e fichando xogadores. Gústanos este xogo porque nos permite sentir coma verdadeiros adestradores ou mesmo coma futbolistas no terreo de xogo.

BIENVENIDOS A MI MUNDO

POR NÉSTOR RAMÍREZ FLORES



Siento rabia que florece desde mis muros adentro,
mi alma se envejece mientras mi mundo contemplo,
yo vivo rodeado de males,
sin miedo a ser devorado por mis titanes.

Huyo de mis pesadumbres,
quiero salir de estos muros
mas temo que me aguarda un sombrío futuro
todos mis aliados saben
que podrían ser aplastados por mis titanes.
Este mi año 845,
donde mi humanidad está presa entre murallas,
ya perdí toda mi voluntad,
todo mi ahínco,
y a casi todos los vivos las fuerzas les fallan,
callan y observo como el titán colosal
destroza mi protección y da paso al apocalipsis,
crisis moral insocial a nivel general
el temor en nuestras mentes nos provocan parálisis.
Para mí lo más importante es que quiero ganar,
me arrebataron lo más preciado
y los voy a vengar,
en serio me da igual si es duro el entrenamiento
porque todo el sufrimiento es nulo
si los logro matar.

Hoy vuelo usando el DMT
y ahora pienso enloquecer
aunque su piel quemé cual fuego,
mi corazón arde más que ellos,
ya estamos hartos de vivir
como si fuéramos simples plebeyos.
Demos la vuelta a la cadena alimenticia,
luchemos con brutalidad y a la vez con pericia.
Soldados luchemos contra esas bestias sin alma,
cojan sus armas y destrocen sus cuellos,
tenemos la victoria en nuestra palma,
las alas de la libertad en nuestra espalda
portarán nuestro destello.

Siento rabia que florece
desde mis muros adentro mi alma engrandece
mientras mi mundo contemplo
todos mis aliados saben que podrían ser aplastados
lucho con mis pesadillas
pienso salir de estos muros
mas temo que me aguarda un oscuro con pesadillas
todos mis camaradas saben
que solo yo puedo aplastar a los titanes.



**ENCRUCILLADO.**

RESOLVE O SEGUINTE ENCRUCILLADO SOBRE A TERRA E O UNIVERSO

POR XIAN LUNA MOSTEIRÍN

HORIZONTAIS:

- Movimento da Terra ou doutro planeta do Sistema Solar arredor do Sol.
- Concentracións de gas (principalmente Hidróxeno e Helio) e po interestelar. Semellan nubes escintilantes no espazo e por iso reciben este nome.
- Corpos formados por rochas, xeo e po que se moven arredor do Sol. A “Estrela de Belén” cuxa representación se pon nos “nacementos” por Nadal era un deles.
- Nome da galaxia máis próxima á Vía Láctea, situándose a dous anos luz de distancia desta.
- Todo o que existe. Formado por millóns e millóns de galaxias.

VERTICAIS:

- Fragmentos rochosos de tamaño variable que se moven arredor do Sol. A maioría sitúase no “cinto” entre as órbitas de Marte e Xúpiter.
- Cando o Sol ou a Lúa desaparecen da nosa vista. Esta palabra significa “ocultación”.
- O sexto planeta do Sistema Solar. É un “xigante gasoso” cuns aneis moi característicos.
- Conxunto de billóns ou trillóns de estrelas e nebulosas. Algunhas teñen forma espiral, como a nosa Vía Láctea.
- É o segundo elemento (tipo de átomo) máis abundante do Universo. Trátase dun átomo sinxelo, con só dous protóns, dous neutróns e dous electróns. Só o Hidróxeno é máis abundante.

SUDOKU

COLOCA OS NÚMEROS DO 1 AO 9 DE TAL XEITO QUE NON SE REPITA NINGÚN NA MESMA FILA, COLUMNA OU REXIÓN DE 9x9 CELAS.

POR XABIER CASTRO ARIAS

4	8		3				
			8			5	4
	6	3			2		
7			6		8	3	
	2					7	
	4	8		5			2
		7			6	4	
5	9			7			
				3	9	7	

CHEMIN

NESTE XOGO TES QUE CONECTAR NÚMEROS DO 1 AO 36 SEGUINDO ALGUNHAS PISTAS NUMÉRICAS...



POR XABIER CASTRO ARIAS

31					27	
				23		
			17			
34				11		
35		1				8
					6	
36						

PENTOMINÓ

EMPREGA CINCO DAS SEIS PEZAS PARA ENCHER O ENCRUCILLADO. CAL É A PEZA COA QUE NO É POSIBLE COMPLETALO? COIDADO, AS PEZAS NON SE PODEN XIRAR!

POR ALFONSO CONDE GARCÍA






SOPA DE LETRAS

NESTA SOPA DE LETRAS APARECEN TERMOS RELACIONADOS COA LITERATURA POPULAR. ATÓPAOS!!

POR CÉSAR LÓPEZ VILELA




SOPA DE LETRAS


NESTA SOPA DE LETRAS HAI CATRO MINERAIS E CATRO ROCHAS. ATÓPAOS!!

POR XIAN LUNA MOSTEIRÍN


Soluciones...




ENCRUCILLADO




SUDOKU



CHEMIN



PENTOMINÓ



SOPA DE LETRAS LITERATURA

HORIZONTAIS: Breve, lenda, cantigas

VERTICAIS: Narración, oral, etimológicas



SOPA DE LETRAS MINERAIS E ROCHAS

ROCHAS: Granito, carbón, mármore, caliza

MINERAIS: Zafiro, ouro, prata, pirita

XORNALISTAS REAIS

Un traballo de aventura ilusionante

Equipo principal de redactores:




Grupo 1ºA ESO. ARQUIVO COLEXIO

Tamén colaboran:



Grupo 1ºB ESO. ARQUIVO COLEXIO

TITORAS: M^a TÁLIDA TOVAR RODRÍGUEZ E CRISTINA PENA FERNÁNDEZ



A PROMOCIÓN 01-17 DE 4º DE ESO DESPIDE O COLEXIO NESTE CURSO

“Rematamos con 200 e + soños”

Falamos cos nosos compañeiros Pablo de la Iglesia, Javi Reigosa, Sofía Vila, Belén Sanfiz e Christian Otero no seu derradeiro ano no Centro

POR ROCÍO DAPENA, ANA VALDÉS, PATRICIA PÉREZ, BARCA LLOVO

Que será o que máis estrañaredes do colexio?

PIP: Eu botarei moito de menos aos compañeiros e a algúns profesores que explican moi ben.

BSC: Sinceramente o que máis botarei de menos serán as relacións cos meus compañeiros, xa que en Bac nos separaremos en diferentes colexios e institutos.

Manteredes contacto cos vosos compañeiros tras deixar Maristas?

SVC: Si claro, manterei relación con eles. Non me gustaría perdela.

BSC: Pois obviamente si, xa que levamos xuntos 13 anos, e un único curso non vai cambiar a amizade que medrou durante todo este tempo.

Botaredes de menos a Marcelino?

PIP: Eu creo que si porque os valores cristiáns que nos inculcan neste colexio son moi importantes para formarnos como persoas.

JRL: Si, sobre todo nas campañas solidarias como a operación quilo ou o bocadillo solidario que son moi importantes.

BSC: Eu botarei de menos o espírito Marista e tamén o de

organizar unha vez ao mes algo na aula de espiritualidade ou os amenceres que che axudan a relaxarte.

Que esperades da vosa graduación?

PIP: Eu espero que nos quede un bonito recordo que resuma estes 13 anos que levamos xuntos neste colexio.

BSC: Pois eu espero que sexa especial, xa que é a última ceremonia que poderemos celebrar todos xuntos. Espero pasalo ben e que sexa alucinante.

COF: Pois eu da gradación espero ter felicitacións dos meus profesores polo bo comportamento e tamén espero que sexa un momento entrañable para todos.

Cal foi voso mellor curso?

BSC: O mellor curso foi este, 4º da ESO. Non só pola excursión a Andorra senón porque é o último curso, que se pasa rapidísimo. Hai pouco era Nadal e agora xa estamos ás portas de xuño. É o mellor curso sen dúbida.

COF: Pois eu non estou de acordo ca miña compañeira porque para mí os melhores cursos foron 3º e 4º de primaria. En 4º da ESO estivo ben a excursión pero hai que estudar moito.

Credes que no novo instituto vos van apoiar tanto como en



Alumnas de 1ºESO cos entrevistados no patio do colexio. ARQUIVO 1ºESO

Maristas?

SVC: Eu espero que tamén siga así. Creo que nos van tratar ben onde vaimos.

BSC: Eu persoalmente, que o ano que vén estudarei no Instituto San Xosé, creo que o espírito seguirá sendo o mesmo e as actividades non van ser

iguais pero supón que moi parecidas.

Que carreira queredes estudar?

PIP: Eu querería estudar a carreira de fisioterapia.

BSC: A min encantaríame estudar a carreira de veterinaria, aínda que a media

non para de subir, así que teño que estudar moito.

SVC: A min gustaríame estudar medicina, aínda que non é doado xa que de nota para entrar necesítase un 12 ou 13.

COF: Eu quero estudar bioloxía porque quero axudar aos animais.

Leche FRESCA 1,5 litros



LEYMA natura



NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico

